

ACTA 5 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN PARA UN POSTO DE TÉCNICO/A EN MEDIO AMBIENTE GRUPO C, SUBGRUPO C1

ALEGACIÓNS-LISTA DEFINITIVA E CONVOCATORIA 2º EXERCICIO

Sendo as 11:00 horas do día 08 de xullo de 2022, reúnese de xeito telemático e telefónico, o tribunal nomeado, segundo Resolución de Alcaldía n.º 2022-0714 de 6 de abril de 2022.

Dos membros nomeados pola citada resolución e convocados para o día de hoxe, participan os seguintes:

Dña. Blanca Fernández González, en calidade de presidenta; D. Manuel Martínez Pérez, en calidade de secretario e D. Carlos Potel Alvarellos, en calidade de vogal e D. Francisco Javier Antoñón, en calidade de vogal.

Vistas as seguintes alegacións presentadas ás puntuacións da acta 4:

En data 28.06.2022 e con n.º de rexistro 2022-E-RC-6716, que literalmente dí:
“.../... **Solicita: En referencia ao primeiro exercicio a praza de Técnico de Medio Ambiente realizado onte 27 de xuño, quería alegar a miña disconformidade coas seguintes cuestións: *No 43: “En cumprimento do disposto no artigo 6 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, os concellos de Galicia deberán dispoñer de:”. En canto a que na orde do día das bases desta praza non se fai mención a lexislación sobre contaminación acústica.**

***No 50: “A Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, ten por obxecto:”. En canto a esta lei, queda derogada pola Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.../...”**

En data 29.06.2022 e con n.º de rexistro 2022-E-RC -6770, que literalmente di:
“.../...**solicito a revisión da puntuación obtida”**

En data 29.06.2022 e con n.º de rexistro: 2022-E-RE-3182, que literalmente dí:
“.../...**Que non estou de acordo coa solución da pregunta 22: 22. Un portal da internet dunha administración pública é: a) Unha web de información pública. b) Unha fonte de datos, información e xestión administrativa. c) Un punto de acceso electrónico a través de internet á sede electrónica. d) Ningunha é correcta Que o Tribunal sinala como solución correcta a c) Un punto de acceso electrónico a través de internet á sede electrónica. Que o artigo 39 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público redáctase tal como segue: <<Enténdese por portal de internet o punto de acceso electrónico cuxa titularidade corresponda a unha Administración pública, organismo público ou entidade de dereito público que permite o acceso a través de internet á información publicada e, se for o caso, á sede electrónica correspondente>>. Que segundo este artigo, entendo que un portal de internet pode ser un punto de acceso á sede electrónica dun organismo, pero que non sempre o é. Que é por isto que desbotei como opción correcta a opción c). Que entendo que un portal de internet pode ser perfectamente unha web de información pública sen contradicir este artigo da Lei 40/2015 (por exemplo, un visor de cartografía tal como o Visor de aproveitamentos forestais, ou incluso o SIXPAC, pode ser un portal de internet). Que é por isto que**



seleccionei a resposta a). Que, en calquera caso e ambas respostas, a) e c), me poderían parecer correctas, sen contradicir o artigo 39. Solicita Se anule a pregunta 22.../...”

En data 29.06.2022 e con n.º de rexistro 2022-E-RE-3183, que literalmente di:
“.../...Que non estou de acordo coa solución da pregunta 1: 1. A actual Constitución Española consta de: a) 189 artigos, dez títulos e 6 disposicións adicionais. b. Preámbulo, 169 artigos e 8 disposicións transitorias. c) Preámbulo, once títulos, 169 artigos, 4 disposicións adicionais e 9 transitorias. d) Ningunha é correcta Que o Tribunal sinala como solución correcta a c) Preámbulo, once títulos, 169 artigos, 4 disposicións adicionais e 9 transitorias. Que a estrutura completa da Constitución está configurada, de maneira resumida, por: •Preámbulo •169 artigos en 11 títulos: oTítulo Preliminar (Principios Xerais) o10 Títulos Numerados •Disposicións o4 adicionais o9 transitorias o1 derogatoria o1 final Que a resposta c) non inclúe as disposicións derogatoria e final, aínda que estas si forman parte da estrutura do documento, que é o obxecto da pregunta. Que é por isto que seleccionei a resposta d) Ningunha é correcta. Solicita Se anule a pregunta 1.../...”

En data 29.06.2022 e con n.º de rexistro 2022-E-RE-3184, que literalmente di:
“.../... Que non estou de acordo coa solución da pregunta 35. Indica a frase falsa sobre as especies invasoras a) É unha especie exótica ou alóctona b) Se atopa fóra da súa área natural de distribución por causas humanas ou naturais, ben de maneira intencionada ou accidental. c) Inclúe calquera parte das ditas especies (gametos, sementes, propágulos, ovos, esporas, etcétera) que teña capacidade para sobrevivir e perpetuarse no medio natural. d) Supón un perigo para a diversidade biolóxica orixinal, é dicir, cando constitúe un factor que ameaza os ecosistemas orixinais e a supervivencia das especies autóctonas. Que o Tribunal sinala como solución correcta a b). Que esta resposta non ten por qué ser falsa, senón que pode ser falsa en algúns casos de invasoras e verdadeira en outros (por exemplo, no caso das especies exóticas invasoras) Que eu respondín como correcta a resposta a) É unha especie exótica ou alóctona, porque esta resposta tamén pode ser falsa, xa que unha especie invasora pode ser <<exótica ou alóctona>> ou ben pode non selo. Que entendería esta resposta como verdadeira se estivera redactada como segue: << a) É unha especie exótica ou aUTóctona >>. Que desta maneira, esta resposta sería verdadeira e polo tanto a única opción posible como falsa sería a b) Se atopa fóra da súa área natural de distribución por causas humanas ou naturais, ben de maneira intencionada ou accidental. Que chegado ese punto, as respostas a) e b) poderían ser certas ou falsas, polo cal a pregunta debería ser descartada xa que non pode haber dúas respostas posibles a unha pregunta de resposta única, non múltiple. Solicita Se anule a pregunta 35.../...”

En data 29.06.2022 e con n.º de rexistro 2022-E-RE-3185, que literalmente dí:
“.../...Que non estou de acordo coa solución da pregunta 24. Un beneficiario de subvención pública, pode subcontratar con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto de subvención?: a) Non. b) Si, a totalidade da actividade que constitúe o obxecto de subvención. c) Si, pero só cando o contrato se celebre por escrito. d) Si, a execución total ou parcial excepto os gastos propios do beneficiario para a realización por se mesmo da actividade subvencionada. Que o Tribunal sinala como solución correcta a d) Si, a execución total ou parcial excepto os gastos propios do beneficiario para a realización por se mesmo da actividade subvencionada, tal como se indica no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Que a resposta b) Si, a totalidade da actividade que constitúe o obxecto de subvención tamén é verdadeira, tal como se indica no artigo 29 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Que a resposta c) Si, pero só cando o contrato se celebre por escrito, tamén é verdadeira, tal como se indica no artigo 29 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Que desta maneira, as respostas b), c) e d) poderían ser verdadeiras, polo cal a pregunta debería ser descartada, xa que non pode haber varias respostas posibles a unha pregunta de resposta única, non múltiple.



Solicita Se anule a pregunta 24.../..."

En data 29.06.2022 e con n.º de rexistro 2022-E-RE-3193 que literalmente dí: **".../...Na pregunta nº1 dáse por válida a resposta C, pero a Constitución Española consta de Preámbulo, once títulos, 169 artigos, 4 disposicións adicionais, 9 transitorias, 1 disposición derogatoria e 1 disposición final. Polo tanto a resposta C non está completa xa que non ten a disposición derogatoria e 1 disposición final. Neste caso a resposta válida sería a opción D que indica que ningunha é correcta. A pregunta Nº 43 fai referencia á Lei 37/2003 do ruído, dita lei sobre o ruído non está incluída na parte específica do temario establecido no Anexo II das bases de selección. Solicita Que se estimen ditas alegacións e que as devanditas preguntas queden anuladas ou corrixidas correctamente"**

En data 29.06.2022 e con n.º de rexistro 2022-E-RE-3197, que literalmente dí: **".../...Que na pregunta nº 15, a reposta correcta e a "A" dacordo co artigo 39, apartado 1, da Ley 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, xa que no texto da pregunta non se indica que "no acto se disponga outra cousa": "1. Los actos de las Administraciones Públicas sujetos al Derecho Administrativo se presumirán válidos y producirán efectos desde la fecha en que se dicten, salvo que en ellos se disponga otra cosa" Ademais, a resposta "C" é incorrecta xa que nin na pregunta nin na dita resposta especificase que o efecto estea "supeditado" a sua notificación, publicación ou aprobación superior, dacordo co apartado 2 do mesmo artigo citado. - Que na pregunta nº 23, ademais da resposta "C", a "A" tamén é correcta dacordo co artigo 16, apartado 3 d) da Ley 9/2017 de Contratos do Sector Público, co que corresponde invalidar a pregunta. "3. En todo caso, se considerarán contratos de suministro los siguientes: [...] d) Los que tengan por objeto la adquisición de energía primaria o energía transformada." - Que na pregunta 35, a resposta que se debería considerar coma falsa é a "A" xa que unha especie exótica ou alóctona non pode considerarse invasora se non consegue adaptarse ao novo medio e acutar como axente de cambio e ameaza para a diversidade biolóxica nativa, xa sexa polo seu comportamento invasor ou polo risco de contaminación xenética. Pola contra, a respota b, marcada como a falsa na plantilla, e verdadeira, xa que é un requisito para toda especie invasora estar fora do seu área natural. Solicita Solicito a modificación da respota na plantilla das preguntas 15 e 35 e a anulación da pregunta 23, dacordo co exposto."**

En data 29.06.2022 e con n.º de rexistro 2022-E-RC-6818, que literalmente dí **".../...quero manifestar o meu desacordo coa resposta á pregunta n.º 15:O efecto dos actos administrativos emitidos polas administracións públicas. En canto á resposta que aparece é "c", pero segundo o artigo 39 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Comúns ás Administracións Públicas, as respostas poderían ser ou ben "a" ou ben se temos en conta a efectividade do efecto serían tanto "a" como "c", que neste caso sería a opción "d" que aparece na proba.../..."**

En data 30.06.2022 e con n.º de rexistro 2022-E-RE-3222, que literalmente di: **".../...Na pregunta número 23 dáse como correcta a opción de resposta "c", tratándose dun manifesto erro xa que, atendendo á literalidade do artigo 16 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, ningún subapartado do mesmo fai mención explícita á resposta sinalada como correcta ("c. O arrendamento financeiro con opción de compra de equipos informáticos e telecomunicacións"), mais se atendemos á literalidade do subapartado 16.3.d relata como se considerarán contratos de subministro os que teñan por obxecto "a adquisición de enerxía primaria", o cal indica claramente que a resposta "a" é a única opción correcta. Solicita Se corrixira a resposta adoptada como correcta, dando como opción válida a opción "a" e se proceda á corrección da nota dos exames de acordo a este cambio."**



O tribunal acorda:

1.- **Estimar as alegacións** ás preguntas n.º 43, 50 e 23, sendo substituídas polas de reserva n.º 51, 52 e 53 respectivamente.

2.- **Estimar as alegacións** ás preguntas n.º 1 e 15, modificando a folia de respostas no seguinte senso: opción de resposta da pregunta 1: “d”. Opción de resposta da pregunta 15: “d”.

3.- **Desestimar as alegacións** as seguintes preguntas:

N.º 22, polo seguinte motivo: a opción de resposta c), recolle o que entende a lei 40/2015 no seu artigo 39, sobre un portal de internet.

N.º 35, polo seguinte motivo: Unha especie invasora está fóra da súa área de distribución por causas HUMANAS, se o está por causas naturais é que está a colonizar unha nova área, non é unha especie invasora é un proceso natural evolutivo. Por tanto a resposta b é correcta.

N.º 24, polo seguinte motivo: A lei 38/2003 de 17 de novembro, no artigo 29 establece que: “Para os efectos desta lei, enténdese que un beneficiario subcontrata cando concierda con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incurrir o beneficiario para a realización en por si da actividade subvencionada”.

4.- Proceder a corrixir de novo o exercicio e publicar as puntuacións definitivas seguintes:

Apellido1	Apellido2	Nome	Nota
ALFAYA	GÓMEZ	Sofía	5,73
GALLEGO	ONIS	M. ^a del Mar	6,93
MÉNDEZ	CORDEIRO	M. ^a Elena	5,86
TÁBOAS	BOENTE	Carlos Miguel	5,53
VÁZQUEZ	UCHA	Patricia	6
VILLASENÍN	IGLESIAS	Rubén	7,93




Convócase ás persoas que superaron a proba, para a realización do segundo exercicio, da fase de oposición, o día **13 de xullo de 2022, ás 11:30 horas en: Centro de Desenvolvemento Local. Lomba do Cruceiro 5, 36866 Ponteareas. Deberán asistir provistos/as de DNI e bolígrafo.**

Contra o presente acto, poderase interpoñer recurso de alzada ante o tribunal de valoración ou ante ou órgano que o nomeou, no prazo dun mes, a partir do día seguinte a súa publicación, no taboleiro de anuncios do concello, de acordo co establecido, nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



Dna. Blanca Fernández González

D. Manuel Martínez Pérez

